

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 24/02/2022 e que literalmente transcrito di:

“No BOP número 52 de data 15/03/2019 publícase o Regulamento para a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Ferrol.

No artigo 2 establécese que:

*2.3. Para poder ser incluídas nas listas as persoas interesadas terán que reunir os requisitos que para cada escala, subescala, clase ou categoría se recollen na normativa vixente e presentar a súa solicitude no prazo que se establece para o efecto que será do 1 ao 31 de xaneiro cada dous anos naturais (bianualmente).*

Asi mesmo o artigo 4 do Regulamento recolle que rematado o prazo de presentación de instancias, o órgano competente na materia aprobará unha listaxe provisional por cada unha das categorías, ordeando a mesma segundo prelación da puntuación total do currículo autobareado aportado por cada aspirante para cada categoría á que opta. Nesta listaxe provisional aparecerán tamén os aspirantes excluídos, con indicación dos motivos de exclusión, e serán publicadas no taboleiro de edictos da Casa do Concello e complementariamente na web municipal, determinándose na mesma un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa publicidade, para subsanación/enmenda da documentación requerida.

Polo exposto propónse a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Estatística, Turismo e Edusi a adopción da seguinte resolución:

**Primeira.-** Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos/as na categoría de **CHOFER MECANICO/A** que é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL
AMADO LAMELA MANUEL	***6240**	0,1
CASTRILLON VILDAL JAIME	***5860**	0,15
DIAZ REJO JOSE ANGEL	***8231**	7,45
DURAN JUSTO JAVIER	***5644**	2
FRAGA CALVO, FRANCISCO	***0705**	8,7
GARCIA FERNANDEZ MARCOS	***2472**	7,1
GARCIA FERNANDEZ MOISES	***9472**	8,2
LANDEIRA GARCIA BRAIS	***0667**	0
LOPEZ ALDREY MANUEL	***4076**	7,2
LUACES GARCIA SANTIAGO MANUEL	***6678**	2,45
REGO HERMIDA CRISTIAN	***2825**	0
SEIJAS GONZALEZ DIEGO	***9991**	0
VIZOSO ARRIIBE JOSE MANUEL	***9588**	4,2

**Segunda.-** Outogar ao persoal aspirante un prazo de 10 días para a subsanación/enmenda da súa solicitude.

Non obstante, vostede resolverá.”

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña

**Decreto.-** Vista a proposta apróboas nos seus propios termos.



Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi mediante delegación conferida por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/07/2019 na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital

Dou fe,  
O secretario xeral